



Memoria xustificativa do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Concello da Peroxa para o proxecto senlleiro “Ampliación da montaxe expositiva O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos”, orientado á mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento. No mencionado ámbito material, Agader quere acometer a posta en marcha de proxectos senlleiros que poidan afectar a elementos do ámbito da mellora da calidade de vida da poboación, que farán do medio rural un lugar máis atractivo e polo tanto favorecerán tanto a fixación da poboación como das estruturas produtivas. En particular, cómpre acometer proxectos que incidan no ámbito cultural.

Para os efectos sinalados, o 22 de abril de 2021 formalizouse co Concello da Peroxa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31/12/2021.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Agader e o Concello da Peroxa para o proxecto senlleiro “Ampliación da montaxe expositiva O Lebre de Casarizas, unha vida de máquinas e inventos” orientado á mellora da estrutura e infraestrutura do territorio para fortalecer o desenvolvemento do rural galego

O convenio instrumenta a concesión dunha subvención directa, con fundamento no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste caso, a singularidade do proxecto reside na propia singularidade da obra de Manuel Fernández Fernández, un veciño de As Casarizas, do concello da Peroxa, que se distinguiu polas súas múltiples facetas profesionais, entre outras, como recoñecido inventor de moitos obxectos para facilitar a vida cotián tamén para mellorar en distintos ámbitos profesionais. Coñecido como o “Da Vinci” da Peroxa, o concello trata agora de difundir e recuperar a súa obra, mediante a organización dunha montaxe expositiva permanente, que percorrerá a obra deste inventor: desde un torno e unha





cadeira de dentista, unha escopeta única no mundo ou unha malladora para facilitar as tarefas agrícolas, e así ata unas cen pezas. O concello vén xa traballando na montaxe desta exposición, que pretende ampliar coa incorporación de pezas restauradas e elementos expositivos, gráficos e icónicos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Agader
(asinado dixitalmente)
Inés Santé Riveira

